



1.5.

inflación e tipos de xuro

OS DATOS DO INE reflicten que no ano 2001, ó igual que no ano anterior, a inflación en Galicia segue estando por debaixo da media estatal. A inflación media anual medrou en Galicia un 3,5% fronte ó 3,6% no caso do conxunto do estado, mentres que a taxa de variación interanual foi do 2,6%, unha décima inferior á rexistrada en España.

A **taxa de variación media** da inflación en Galicia –medida polo índice de prezos ó consumo– foi tres décimas superior á rexistrada no ano 2000, acadando unha taxa de 3,5% fronte ós 3,2% do ano anterior. Atendendo á desagregación provincial, o **cadro C.1.8.** (*IPC galego e español 2000-01: medias e taxas de variación anuais*) amosa que fonte ó aumento da inflación media anual no caso das provincias de A Coruña e Pontevedra, prodúcese un descenso da mesma de sete décimas na provincia de Ourense, e de unha décima no caso de Lugo. Pontevedra é a

provincia que rexistra a maior taxa media de inflación no ano 2001, co 3,8%, en tanto que Ourense ten a menor taxa de inflación, co 2,8%.

A **taxa de variación interanual** de inflación no ano 2001 acadou en Galicia o 2,6%, 1,1 puntos inferior á rexistrada no ano anterior. Comparado coas outras comunidades autónomas, a taxa de inflación rexistrada en Galicia é superior á existente en Castela A Mancha, co 2,3%, Asturias e Canarias, co 2,4%, e Aragón, Castela e León e Madrid, co 2,5%.

A provincia de Pontevedra é a única provincia galega que presenta unha taxa de inflación superior á media estatal, con 2,8% no ano 2001, sendo similar no caso da provincia de A Coruña, con 2,7%. As taxas de variación interanual da inflación no caso das provincias de Lugo e Ourense, situáronse no 2,0% no ano 2001.



IPC galego e español 2000-01: medias e taxas de variación mensuais

	2000				2001			
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(media mensual)		(taxas de variación mensuais) (1)		(media mensual)		(taxas de variación mensuais) (1)	
Xaneiro	129,8	128,7	0,2	0,3	134,2	133,4	0,0	0,0
Febreiro	129,9	128,9	0,1	0,2	134,5	133,9	0,2	0,4
Marzo	130,3	129,4	0,3	0,4	135,1	134,4	0,4	0,4
Abril	131,0	129,9	0,5	0,4	135,8	135,1	0,5	0,5
Maio	131,1	130,2	0,1	0,2	136,5	135,6	0,5	0,4
Xuño	131,5	130,6	0,3	0,3	136,9	136,1	0,3	0,4
Xullo	132,5	131,3	0,8	0,5	137,2	136,4	0,2	0,2
Agosto	132,8	131,9	0,2	0,5	137,5	136,7	0,2	0,2
Setembro	132,9	132,2	0,1	0,2	137,5	136,7	0,0	0,0
Outubro	133,4	132,6	0,4	0,3	137,5	136,6	0,0	-0,1
Novembro	133,8	132,9	0,3	0,2	137,3	136,5	-0,1	-0,1
Decembro	134,2	133,4	0,3	0,4	137,7	137,0	0,3	0,4

(1) calculada sobre o mes anterior
Fonte: INE

1.

Se se observa a evolución mensual das taxas de inflación en Galicia e España, **cadro 1.5.1.**, abril e maio son os meses que rexistran a taxa de inflación máis elevada en Galicia, co 0,5%, en tanto que esta descende un 0,1% no mes de novembro en relación á taxa rexistrada no mes anterior. En relación ás taxas mensuais españolas, os meses de maio e outubro presentan unha taxas de variación superior á rexistrada en España, namentres que é inferior no caso dos meses de febreiro, xuño e decembro.

Desagregando a análise por grupos de gasto, o **cadro 1.5.2.** reflicte que, ó igual que acontece no conxunto do estado, o grupo máis inflacionista foi o de “alimentos e bebidas non alcohólicas” que presenta unha taxa de variación interanual de 6,1% en Galicia e de 5,9% en España. Asemade, prodúcese unha caída da inflación no caso dos transportes (3,4% en Galicia e de 2,9% no conxunto do estado) e das comunicacións (2,6% tanto en Galicia como en España).

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. O **incremento salarial** medio pactado nos 294 convenios e revisións salariais negociados no ano 2001, **cadro 1.5.3.**, foi do 3,26%, case sete décimas

superior á taxa de variación interanual rexistrada no ano 2001, e dúas décimas inferior á taxa de variación media anual. Nas catro provincias galegas a media ponderada do incremento salarial pactado é inferior á taxa de variación interanual do IPC, mentres que no caso da taxa de variación media da inflación, a inflación rexistrada na provincia de Pontevedra é superior ó incremento salarial medio pactado.

Por outra parte, o **custo laboral** medio por traballador e mes, **cadro C.2.9.** (*Custo laboral por traballador e mes e segundo hora efectiva en Galicia e España 2000-01: distribución segundo compoñentes do custo*), rexistrou unha medra no ano 2001 do 5,0%, resultado do crecemento do **custo salarial** total, 4,2%, e dos outros custos non salariais, que medraron un 7,7% no ano 2001. O devandito cadro reflicte que o custo laboral medio por hora efectiva medrou no último ano un 5,6%, como consecuencia da medra do custo salarial por hora, 3,7%, do custo por hora extra, 6,7%, e dos outros custos por hora, co 7,4%.

Comparado co total estatal, hai que salientar que tódolos compoñentes do custo rexistran en Galicia unha medra superior agás no caso das subvencións e bonificacións da

CADRO 1.5.2.

IPC xeral segundo grupos de gasto das CC.AA. 2001: taxas interanuais

	IPC xeral	IPC grupos de gasto											
		Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe	Medicina	Transportes	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensinanza	Hoteles, cafés e restaurantes	Outros
Andalucía	2,8	5,6	4,5	2,7	3,6	2,1	2,0	-2,7	-2,8	3,6	4,7	4,9	3,3
Aragón	2,5	6,8	4,3	2,2	-0,1	2,0	5,1	-2,8	-2,6	4,5	5,7	3,3	2,8
Asturias	2,4	5,6	3,7	3,8	0,4	3,0	3,1	-2,9	-5,3	6,7	6,6	3,8	2,8
Baleares	3,7	6,1	4,5	2,3	7,2	3,0	2,2	-2,0	-2,7	4,4	7,8	6,0	4,4
Canarias	2,4	6,7	2,4	1,5	1,6	1,4	1,5	-4,1	-1,6	4,5	5,1	4,9	3,5
Cantabria	3,0	6,0	4,1	4,3	1,6	3,2	1,6	-3,2	-2,3	3,7	4,2	4,9	7,8
Castela e León	2,5	7,1	4,1	3,2	-0,7	3,1	1,8	-3,0	-2,4	3,6	-0,8	4,7	3,5
Castela-A Mancha	2,3	5,9	4,4	2,6	-0,7	3,0	1,8	-3,3	-2,7	4,2	4,1	5,0	3,3
Cataluña	2,8	5,7	4,0	4,2	1,2	3,4	2,7	-2,9	-2,4	4,6	4,1	4,5	3,6
C. Valenciana	2,7	5,5	4,5	4,3	2,9	2,8	3,2	-3,1	-2,8	4,3	1,9	5,0	3,0
Extremadura	2,9	6,3	5,0	2,2	1,8	1,9	1,2	-3,2	-2,5	4,0	2,8	5,1	4,9
Galicia	2,6	6,1	3,6	3,6	2,2	2,5	2,9	-3,4	-2,6	4,4	4,1	3,5	3,9
Madrid	2,5	5,8	4,6	2,0	1,2	2,1	3,3	-2,6	-2,3	3,9	4,6	4,6	2,4
Murcia	2,6	4,7	4,4	3,3	1,9	3,7	1,8	-3,3	-2,5	4,1	5,6	6,7	4,0
Navarra	2,7	5,7	3,5	4,0	-1,9	2,9	7,0	-2,3	-2,4	6,1	4,3	6,0	4,2
A Ríoxa	3,6	6,3	3,8	2,4	5,5	4,4	2,5	-2,9	-2,6	6,9	5,3	4,9	4,0
País Vasco	3,4	5,7	3,7	3,0	4,7	4,3	1,5	-2,8	-2,2	4,4	4,0	5,3	5,4
Ceuta-Melilla	2,9	4,9	4,8	1,8	2,8	1,9	2,0	-6,1	-2,3	6,0	4,2	4,3	3,1
Total	2,7	5,9	4,2	3,2	1,8	2,8	2,7	-2,9	-2,6	4,3	4,1	4,7	3,5

Fonte: INE

1.

CADRO 1.5.3.

Incremento salarial pactado 2001: media ponderada

	Sector		Empresa		Media Total	Taxa variación interanual	Taxa media anual
	Convenios	Revisión	Convenios	Revisión			
A Coruña	3,53	2,90	3,18	3,35	3,19	2,7	3,4
Lugo	4,34	2,43	2,20	3,29	3,26	2,0	3,3
Ourense	3,51	4,62	3,58	2,57	3,58	2,0	2,8
Pontevedra	3,40	2,90	3,25	3,83	3,23	2,8	3,8
Total	3,56	2,87	3,16	3,36	3,26	2,6	3,5
C.A./Interprov. C.A. (%)	4,89	4,00	2,35	2,82	4,25	-	-

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

CADRO 1.5.4.

Rendementos da débeda pública a longo prazo en España e UE 2000-01 ⁽¹⁾

	2000	2001
	(%)	
Zona euro	5,45	5,03
Alemaña	5,26	4,80
Austria	5,56	5,07
Bélxica	5,59	5,13
Dinamarca	5,64	5,08
España	5,53	5,12
Finlandia	5,48	5,04
Francia	5,39	4,94
Grecia	6,10	5,30
Holanda	5,40	4,96
Irlanda	5,51	5,01
Italia	5,58	5,19
Luxemburgo	5,52	4,86
Portugal	5,60	5,17
Reino Unido	5,33	5,01
Suecia	5,37	5,11

(1) empregados para a medición da converxencia dos países da UE

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco de España

Seguridade Social, onde o descenso rexistrado en Galicia é inferior ó do conxunto do estado.

No concernente a **outros indicadores** de prezos, o **cadro C.1.10.** (*Índice de prezos industriais 2000-01 segundo destino económico: taxas medias de variación anuais*) amosa que o índice xeral de prezos industriais rexistrou no ano 2001 unha medra do 1,7%. O índice de prezos industrias correspondente ós bens de consumo presenta a maior taxa de crecemento, co 3,1%, seguida da rexistrada polos bens de equipamento, co 1,3%, e dos bens intermedios, co 0,6%.

Atendendo ás distintas ramas de actividade, no ano 2001 descende o índice de prezos no caso da rama enerxética (-2,0%) e no

da extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos químicos (-0,7%). Pola contra, as taxas de crecemento máis elevadas rexístranse nas industrias de alimentación, bebidas e tabaco, cun 4,4% respecto ó ano anterior.

Respecto ós **tipos de xuro**, no ano 2001 rexístrase unha caída do rendimento da débeda pública a longo prazo en tódolos países da zona euro, pasando dos 5,45% ata os 5,03 do ano 2001 no conxunto desta área económica. En España o tipo de interese dos bonos a dez anos acadou os 5,12%, superando tan só a Grecia (5,30%), Italia (5,19%), Portugal (5,17%) e Bélxica (5,13%).

O **cadro 1.5.5.** reflicte a evolución dalgúns tipos de xuro en España ó longo do últi-

 CADRO 1.5.5.
Tipos de xuros en España 2000-01

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario		Tipo activo de referencia de caixas de aforro	Tipo medio préstamos hipotecarios a máis de 3 anos. Adquisición de vivenda libre		
		Mibor a un ano	Euribor a un ano		Bancos	Caixas de Aforros	Conxunto entidades
2000	4,25	4,773	4,781	6,625	5,708	5,822	5,764
2001	5,50	4,077	4,084	6,646	5,597	5,926	5,760

Fonte: Banco de España

mo ano. O tipo de xuro legal medrou dende os 4,25 do ano 2000 ata os 5,50 do 2001. Pola contra, prodúcese un descenso do tipo interbancario a un ano, que acada os 4,077 fronte ós 4,773 do ano anterior no caso do Mibor e os 4,084 fronte ós 4,781 no caso do Euribor. ■

